



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

APROBACIÓN DAS BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA REALIZAR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL COMO AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR (SAF) LIBRE CONCORRENCIA.

Dona María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, en uso das facultades conferidas pola normativa de Réxime Local.

Visto o expediente que se segue para a formación dunha Bolsa de Emprego no Concello de Lousame para realizar contratación laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar (SAF Libre Concorrencia)

Vistos os correspondentes informes asinados polos servizos xurídicos e económicos do Concello de Lousame, en uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras que rexerán o proceso para a formación dunha Bolsa de Emprego no Concello de Lousame para realizar contratación laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar (SAF dependencia). O texto das bases é o transcrito como Anexo desta Resolución.

SEGUNDO.- Convocar o proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego no Concello de Lousame para realizar contratación laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar (SAF dependencia) mediante a publicación destas bases no taboleiro de anuncios do Concello, a páxina Web do Concello e nun diario dos de maior tirada na comarca.

O prazo de presentación de instancias é de cinco (5) días hábiles a partir da última publicación dos anuncios.

BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NO CONCELLO DE LOUSAME PARA REALIZAR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL COMO AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR (SAF) LIBRE CONCORRENCIA.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dunha bolsa de emprego para os postos de auxiliar de axuda no fogar, mediante contratación laboral temporal (eventual por circunstancias da produción ou de interinidade, segundo corresponda), ao abeiro do artigo 15 do texto refundido do estatuto dos traballadores e coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- Baixas por incapacidade temporal.
- Xubilación parcial ou anticipada e polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión definitiva de postos de traballo previstos legalmente.
- Redución de xornada e polo período que medie entre a redución e a súa finalización ou a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión definitiva de postos de traballo previstos legalmente.
- Acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo de axuda no fogar.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación.

Dito persoal cesará automaticamente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento determinadas no parágrafo anterior, ou ben finalice o proceso selectivo que se convoque para prover a cobertura definitiva do posto/s do servizo municipal de axuda no fogar, modalidade libre concorrência.

SEGUNDA: FUNCÍONS OU TRABALLOS A REALIZAR.

As funcións das/os auxiliares de axuda no fogar serán as recollidas na ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no fogar do Concello de Lousame vixente.

TERCEIRA: TIPO DE CONTRATO.

Os contratos a subscribir, dependendo de cada caso, poderán ser:

- a) De interinidade: Por vacante na praza, para substitución de persoal con dereito a reserva do posto por motivo de ILT, baixa por maternidade, etc.
- b) Por acumulación de tarefas (vacacións, etc)

CUARTA: DURACIÓN DOS CONTRATOS.

Segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do Concello de Lousame.

QUINTA: XORNADA DE TRABAJO.

A xornada será completa ou parcial segundo se estableza en función das necesidades. A xornada máxima non excederá de 40 horas semanais de luns a domingo cos descansos que marca a Lei.

SEXTA: RETRIBUCIÓN.

As retribucións básicas serán as correspondentes o grupo de titulación do posto ofertado.

SÉTIMA: PUBLICIDADE.

No taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello publicaranse a convocatoria e as bases íntegras do proceso selectivo. Os resultados do proceso de selección e demais anuncios relacionados con este proceso publicaranse no taboleiro e na páxina web.

Tamén se publicará anuncio da convocatoria nun periódico dos de maior tirada na comarca.

OITAVA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

— As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

— As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

— As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade. e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír permiso de condución B1 e dispoñibilidade dun vehículo para desprazarse dentro do termo municipal.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo á que se opta. As persoas con minusvalía serán admitidas en igualdade de condicións cos/as demais aspirantes sen que se establezan exclusións por limitacións psíquicas ou físicas, excepto nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

e) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso aos corpos ou escalas de funcionario e para exercer funcións similares as que desenvolvan no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ter nacionalidade doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g).- Conforme o Decreto 99/2012, a partires do 1 de xaneiro de 2016 será requisito indispensable estar en posesión do certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda a domicilio ou do certificado de profesionalidade de atención socio sanitaria a persoas a domicilio (R.D. 1379/2008), de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional Servizos Socioculturais e á comunidade ou título de Formación Profesional Regrada (Ciclo Medio) Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia. No caso de titulación obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a formalización do contrato laboral, sendo nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incursos en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

NOVENA: PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

Os/as interesados/as en formar parte desta Bolsa de Emprego, presentarán a súa instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar de que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse á Sra. Alcadesa do Concello de Lousame.

Presentaranse debidamente cubertas no Rexistro Xeral do Concello de Lousame ou na forma determinada polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de **CINCO (5) DÍAS HÁBILES**, contados dende o seguinte ao da publicación do último anuncio da convocatoria.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.

No caso de non presentar a documentación no rexistro do Concello, deberá remitirse xustificante da presentación da solicitude ao número de Fax: 981.821.865 ou á dirección de correo-e jose.martinez@concellodelousame.gal. No caso de que o aspirante non remita o xustificante da presentación da solicitude nun rexistro diferente ao do Concello de Lousame, e a dita solicitude teña entrada no Concello, máis alá do prazo de presentación de solicitudes, a mesma entenderase presentada fóra de prazo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Lousame e na páxina web do Concello.

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia (Anexo I) que se facilitará nas oficinas municipais e irán acompañadas dos seguintes documentos:

- a) Fotocopia do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- b) Fotocopia do título de formación profesional de grao medio de atención socio sanitaria ou equivalente, ou do certificado de profesionalidade de atención socio sanitaria a persoas no domicilio ou equivalente.
- c) Fotocopia do Permiso de conducir
- d) Declaración xurada de que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia).

Os/As aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude.

DÉCIMA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Finalizado o prazo de presentación de instancias por Resolución de Alcaldía aprobarase a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas, que será publicada no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal. Concederase un prazo de dous días hábiles para reclamacións, se as houbera, e /ou para a emenda dos defectos de documentación, ben entendido que non se considerará deficiencia ou erro a falla de presentación de documentación.

Transcorrido o prazo de reclamacións, ditarase nova Resolución estimándoas ou desestimándoas, con publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non admitidas no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal.

UNDÉCIMA: COMISIÓN SELECCIONADORA.

A Comisión seleccionadora estará composta por un presidente, un secretario e tres vogais nomeados por Resolución de alcaldía de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. Non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. Todos os membros da Comisión Seleccionadora deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

A Comisión seleccionadora estará facultada para a interpretación das presentes bases, así como para resolver as dúbidas que xurdan da súa aplicación e determinará a actuación procedente nos casos non previstos.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Os membros da Comisión deberanse aterse de intervir cando concorran neles algunha das circunstancias no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores a publicación desta convocatoria.

A resolución de alcaldía cos membros do tribunal cualificador exporase ao público no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, xunto coa listaxe provisional de admitidos e excluídos e a data, hora e lugar de celebración do exame.

DUODÉCIMA: SISTEMA DE SELECCIÓN. FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

Sistema de provisión: oposición.

FASE DE OPOSICIÓN: máximo 15 puntos

A fase de oposición consistirá na realización dun único exercicio:

1. Exame tipo test. De carácter obrigatorio (máximo de 15 puntos)

A fase de oposición consistirá na realización dun exame tipo test de 50 preguntas con tres posibles respostas das que unha soa será verdadeira relacionadas cos temas do Anexo II. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de cincuenta (50) minutos. Cada resposta correcta puntuarase con 0,3 puntos, e cada resposta errada restará 0,1 puntos. As respostas en branco non penalizarán. Será cualificada cunha **puntuación de 0 a 15 puntos.**

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello de Lousame.

CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación obtida polos aspirantes será a da fase oposición, acadándose así a puntuación final.

DÉCIMO TERCEIRA: SELECCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES. EMPATE

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas na fase de oposición.

A dita acta publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Lousame e na páxina web do concello ordenada de maior a menor puntuación.

Supostos de Empate:

En caso de empate nas puntuacións de dous ou máis candidatos, o Tribunal resolverá conforme aos seguintes criterios de desempate:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 1) Atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética en vigor aprobada pola Xunta de Galicia (letra "G", DOG núm. 19 de 26/01/2018). Nos apelidos compostos coa preposición de, da, de la, d'... a mesma non será tida en conta (Por exemplo: María de Castro Domínguez. A letra a ter en conta será a "C")
- 2) De persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así até desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.
- 3) De persistir o empate, efectuarase sorteo público.

DÉCIMO CUARTA: FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.

Unha vez concluída a fase de selección das persoas aspirantes, a Comisión seleccionadora confeccionará unha lista polo orde resultante da puntuación obtida na selección, sendo a primeira a de maior puntuación e así sucesivamente. A devandita lista exporase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

DÉCIMO QUINTA: FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

A Bolsa de Emprego, segundo a orde de puntuación obtida, funcionará de acordo coas seguintes normas:

1. Os chamamentos aos aspirantes

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta; realizando tres chamadas telefónicas o/a candidato/a, cun intervalo de media hora entre cada chamada telefónica.

Se o aspirante renuncia ao posto ofertado terá a obriga de remitir a súa renuncia por escrito no prazo de tres días hábiles; podendo facelo por correo, Fax, correo-e ou presentalo persoalmente no rexistro. Nestes casos, procederase a chamar á seguinte persoa da lista.

2. Orde de situación na Bolsa de Emprego

As persoas integrantes da Bolsa de Emprego non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se o contrato para o que son chamados finaliza, retornarán ao último lugar que estiveran ocupando dentro da Bolsa de Emprego.

As persoas integrantes da Bolsa de Emprego que, sendo convocadas para facer efectiva a contratación non se presentasen ou renunciasen a esta sen xustificación suficiente, seralles de aplicación o disposto no apartado 4º Renuncias. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo.

3. Nomeamentos e Cesamentos

Poderán realizarse contratacións laborais temporais (na modalidade que corresponda, segundo os casos) nos supostos previstos na Base Primeira; e sempre que esas contratacións sexan imprescindibles para a correcta prestación do servizo, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente a través do informe dos servizos sociais básicos e da concellería correspondente no que se poña de manifesto a excepcionalidade e necesidade urxente e inaprazable desta contratación para o dito sector prioritario e para o funcionamento deste servizo público esencial.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Posteriormente, deberá solicitarse acreditarse no expediente (co informe da Intervención Municipal) a existencia de crédito axeitado e suficiente para o financiamento da contratación laboral temporal.

Unha vez cumprimentados os anteriores requisitos, chamado o candidato segundo a orde de prelación da Bolsa de Emprego, a Alcaldía mediante Resolución procederá ao seu nomeamento.

No prazo máximo de tres días naturais dende a Resolución da Alcaldía que proceda ao nomeamento, o candidato deberá achegar:

- 1 Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado.
- 2 Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- 3 Declaración responsable de estar en posesión do permiso de conducir en vigor e dispor dun coche para poder desprazarse dentro do termo municipal.

No suposto de que un/unha mesmo/a aspirante fora chamado para ocupar dous ou máis postos correspondentes á Bolsa de Emprego, deberá optar por un deles, deixando constancia por escrito.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

4. Renuncias

Con carácter xeral, a non aceptación ou renuncia ao chamamento que se produza para cubrir a praza que se convoca levará consigo as seguintes consecuencias:

- Primeira e segunda renuncia, sen presentación da xustificación correspondente: o aspirante situarase ao final da lista.
- Terceira renuncia, sen presentación da xustificación correspondente: a Alcaldía poderá causar baixa definitiva dese aspirante nesta concreta Bolsa de Emprego. Esta baixa definitiva farase mediante resolución, que será publicada no Taboleiro de Edictos e páxina web municipal.

Quedan excluídos do procedemento anterior e polo tanto seguirán formando parte da Bolsa de Emprego, e na orde que lles corresponda, aquelas persoas que non acepten ou renuncien ao chamamento para cubrir a praza e se atopan nunha das seguintes situacións:

- 1 Se atopen traballando nese momento ou estean en situación de activo.
- 2 Que acrediten situación de baixa médica.
- 3 Que estean cursando estudos oficiais ou realizando cursos de formación.
- 4 Calquera outra situación de carácter extraordinario, acreditada polo aspirante e que a xuízo do órgano competente xustifique a renuncia ao chamamento (viaxe programado, evento programado, etc).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

DÉCIMO SEXTA: EXTINCIÓN DA BOLSA DE TRABAJO.

A Bolsa de Emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases, extinguirase unha vez transcorridos dous anos a contar dende a data de publicación no taboleiro de edictos do concello da Resolución da Alcaldía que a aprobe, podendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

No caso de que con motivo da escasa presentación de instancias, o número de integrantes da bolsa de emprego non sexa suficiente, poderá sacarse un novo proceso selectivo aínda que non teña transcorrido o prazo de dous anos de vixencia establecido neste base.

DÉCIMO SÉTIMA.

As bases desta convocatoria vinculan á Administración municipal, á Comisión seleccionadora e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

DÉCIMO OITAVA: APROBACIÓN.

As presentes bases serán aprobadas pola Alcaldía, órgano competente.

DÉCIMO NOVENA: IMPUGNACIÓN

Contra as presente bases e convocatoria, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, a partires do día seguinte ao da publicación do seu anuncio (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública, e o Real decreto lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA.

D./D^a....., maior de idade, con DNI e con domicilio a efectos de notificacións en..... e número de teléfono

EXPOÑO:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a formación dunha **Bolsa de Emprego para realizar contratacións laborais temporais como auxiliares de axuda no fogar.**

E DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- 1.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar na proba selectiva.
- 2.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3.- Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

4.- Que non estou incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

5.- Que estou en posesión do permiso de conducir en vigor clase B1 e dispoño dun vehículo para poder desprazarse dentro do termo municipal.

SOLICITO:

Tendo por presentada a presente solicitude dentro do prazo concedido ao efecto e ser admitido para tomar parte no proceso de selección para o acceso á Bolsa de Emprego na categoría de Auxiliar de axuda no fogar.

Á presente solicitude acompaño:

- ☐ Fotocopia do DNI ou documento identificativo.
- ☐ Fotocopia do título de formación profesional de grao medio de atención socio sanitaria ou equivalente, ou do certificado de profesionalidade de atención socio sanitaria a persoas no domicilio ou equivalente.
- ☐ Fotocopia do carné de conducir.

AUTORIZO:

Que publique os meus datos persoais no taboleiro e na páxina Web do Concello.

En, a de de 20....

EXCMO. SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE LOUSAME

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Lousame relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello."

ANEXO II TEMARIO.

- 1.- A DEFINICIÓN E AS CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.
- 2.- A COORDINACIÓN NO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.
- 3.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS USUARIAS E DO PERSOAL AUXILIAR.
- 4.- PAUTAS DE INTERVENCIÓN EN FUNCIÓN DAS CARACTERÍSTICAS DA PERSOA USUARIA.
- 5.- AS TAREFAS E FUNCIÓNS DO PERSOAL AUXILIAR.
- 6.- HIXIENE E SEGURIDADE DA PERSOA USUARIA.
- 7.- LIMPEZA E COIDADADO DO FOGAR.
- 8.- O ENTORNO FÍSICO DA PERSOA USUARIA. ADAPTACIÓNS FÍSICAS, FUNCIONAIS E COGNITIVAS DO FOGAR.
- 9.- ABORDAXE TERAPÉUTICA DA ALIMENTACIÓN.
- 10.- MANIPULACIÓN E HIXIENE DOS ALIMENTOS.

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, pola alcaldesa Teresa Villaverde Pais.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

